



IES Urbano Lugrís

Malpica de Bergantiños

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS
CURSO 2022-2023**



BLOQUE DE CONTIDOS

<u>1. Introducción e contextualización</u>	2
<u>2. Contribución da materia ao desenvolvemento das Competencias Clave na etapa da E.S.O.</u>	3
<u>3. Concreción dos obxectivos para a ESO</u>	6
<u>4. Concreción para cada estándar: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación, e CC</u>	8
<u>2º ESO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (SLE)</u>	9
<u>4º ESO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (SLE)</u>	14
<u>5. Concrecións metodolóxicas</u>	23
<u>6. Adaptacións que require a docencia non presencial</u>	25
<u>7. Materiais e recursos didácticos</u>	27
<u>8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado</u>	27
<u>9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e da práctica docente</u>	31
<u>10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas</u>	32
<u>11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</u>	34
<u>12. Medidas de atención á diversidade</u>	35
<u>13. Concreción de elementos transversais que se traballan no curso</u>	36
<u>14. Actividades complementarias e extraescolares</u>	37
<u>15. Contribución da materia ao plan lector do centro</u>	38
<u>16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</u>	42



1. Introducción e contextualización

Esta programación está baseada no esquema indicado na *Resolución do 27 de xullo de 2015 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13.

O IES Urbano Lugo atópase na comarca de Bergantiños, en plena Costa da Morte, situado nas aforas da vila de Malpica, na parroquia de Beo. O alumnado procede de varias parroquias: Malpica de Bergantiños, Barizo, Buño, Cambre, Cerqueda, Leiloio, Malpica de Bergantiños (San Xulián), Mens e Vilanova e, en xeral, proceden de familias de clase media ou media-baixa.

A lingua predominante e vehicular da gran maioría do alumnado é o galego e estudan o inglés como primeira lingua estranxeira; hai un bo número de alumnos aos que se lle aplica a exención da segunda lingua estranxeira debido ás dificultades nas linguas que arrastran xa desde a primaria.

Este curso, o francés forma parte do proxecto Edixgal nos catro cursos da ESO.

O departamento de Francés está formado este ano por dous membros: M^o Isabel Pérez Serra, que ten destino definitivo no centro e foi nomeada Directora do centro a partir deste curso 2022-2023 e Sara Gómez Fernández, docente con destino provisional, nomeada Xefa de Departamento.

Os grupos están distribuídos como segue:

M ^o Isabel Pérez Serra	4 ^o ESO (2 ^o lingua, 2 horas semanais): x alumnos
Sara Gómez Fernández	1 ^o ESO A (1 ^o lingua, 3 horas semanais): 5 alumnos
	1 ^o ESO A (2 ^o lingua, 2 horas semanais): 8 alumnos
	1 ^o ESO B (2 ^o lingua, 2 horas semanais): 12 alumnos
	2 ^o A (2 ^o lingua, 2 horas semanais): 13 alumnos
	2 ^o B (2 ^o lingua, 2 horas semanais): 9 alumnos
	3 ^o (2 ^o lingua, 3 horas semanais): 12 alumnos



2. Contribución da materia ao desenvolvemento das Competencias Clave na etapa da E.S.O.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias *como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos* e expón as seguintes competencias clave:

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e Cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Curso	Nº de estándares	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
2º ESO	22	22	0	19	22	0	3	20
4º ESO	24	24	0	15	24	23	1	24



Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística (CCL) Esta competencia refírese á habilidade no uso da lingua oral e escrita nos seus múltiples contextos para expresar ideas e interactuar con outras persoas. Desenvólvese en todas as unidades traballadas en actividades lexicais, gramaticais, expresión oral e escrita, escoitas, etc.	<ul style="list-style-type: none">-Comprender o sentido dos textos escritos e orais.-Ter unha actitude favorable cara á lectura.-Expresarse oralmente de xeito apropiado e con coherencia.-Utilizar o léxico apropiado, as estruturas lingüísticas e as grafías nos seus intercambios orais e escritos.-Respectar as normas segundo contexto comunicativo.	<ol style="list-style-type: none">1. Desenvolve habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.2. E capaz de escoitar, falar e conversar en francés.3. E capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación.4. Sabe ler textos en francés e así amplía coñecementos e favorece o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.5. Realiza tarefas lingüísticas e non lingüísticas que demostran a comprensión dun texto escrito.5. Recoñece e aprende as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.6. Adapta a mensaxe oral ou escrito as súas posibilidades e coñecementos lingüísticos.
Competencia dixital(CD) Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Os alumnos adquirirán a competencia dixital a través da utilización de recursos dixitais postos á súa disposición así como a busca de información nas actividades propostas.	<ul style="list-style-type: none">-Elaborar materiais dixitais en grupo ou individualmente.-Utilizar material multimedia.- Pescudar en fontes dixitais.	<ol style="list-style-type: none">1. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información e para producir textos.2. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para progresar na aprendizaxe da lingua francesa.3. Aproveita os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.
Conciencia e expresións culturais (CCEC) Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas, a literatura, as tradicións e a cultura en xeral. Traballaremos esta competencia a través dos temas tratados ao longo do curso: a	<ul style="list-style-type: none">- Tomar conciencia das diferenzas culturais e os puntos comúns coa propia cultura.-Poder expresarse segundo os códigos culturais.- Valorar positivamente as achegas da cultura francesa ás artes, a filosofía, a música europea.	<ol style="list-style-type: none">1. Identifica os aspectos culturais máis relevantes dos países francófonos, sinala as características máis significativas das costumes, normas, actitudes e valores da súa sociedade.2. Identifica os aspectos culturais máis relevantes dos países francófonos e mostra unha valoración positiva dos patróns culturais diferentes aos propios.3. Realiza traballos creativos individualmente e en grupo.4. Realiza representacións de simulacións e narracións.



<p>cociña, a moda, o deporte, a música, as cidades francófonas, a literatura.</p>		
<p>Competencias sociais e cívicas (CSC) Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. Desenvólvese grazas ao descubrimento polos alumnos de culturas e nacionalidades diferentes á propia e a través de traballos de exposición.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar os dereitos e deberes da convivencia no contexto da escola. - Traballar colaborativamente. - Saber e aplicar as normas de conversa e escrita de uso relativo ao francés. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aproveita a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e cos demais. 2. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para establecer relacións orais e escritas, mostrando interese polo o seu uso. 4. Utiliza o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural. 5. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos. Esta competencia desenvólvese a través das actividades de reflexión, resumos, organización da información e expresións de hipóteses de comprensión (escrita e oral) e da sintaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Procurar a creatividade . -Colaborar cos compañeiros nos intercambios e actividades individuais e grupais. -Facer hipóteses sobre a lingua e inferir comprensión a partir das linguas coñecidas previamente. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organiza o seu traballo e toma iniciativas para a boa e correcta presentación das tarefas. 2. Organízase para participar en actividades e exercicios de acordo coas súas capacidades.
<p>Aprender a aprender (CAA) Esta competencia implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar as súas tarefas e o seu tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para acadar un obxectivo. A adquisición desta competencia foméntase a través do traballo individualizado de actividades. Farase un seguimento do caderno dos alumnos e libretas para comprobar que se logra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Facer resumos e esquemas para facilitar a aprendizaxe. - Facer os exercicios pedidos. - Na libreta, apuntar o que se explica de xeito ordenado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Utiliza de forma consciente en contextos de comunicación variada, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua francesa como instrumento de auto avaliación nas producións propias orais e escritas. 3. Reflexiona sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces. 2. Identifica oralmente e por diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe. 4. Resolve problemas de comprensión a través da aplicación dos coñecementos da súa propia lingua o de outras linguas. 5. E consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc. para afrontar o reto da aprendizaxe.



3. Concreción dos obxectivos para a ESO

1º/2º ESO Nivel A1 MCERL 3º ESO Nivel A2-1 MCERL 4º ESO Nivel A2-2 MCERL	BLOQUES:
<p>- Comprender e producir mensaxes orais sobre si mesmo e o contexto inmediato .</p> <p>- Comprender e producir mensaxes escritas na segunda lingua estranxeira sinxelas sobre si mesmo e o contexto máis inmediato.</p> <p>- Facelo con propiedade e corrección.</p> <p>- Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes sinxelos relativos a contextos inmediatos na segunda lingua estranxeira que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos.</p> <p>- Obter e seleccionar a información sinxela na segunda lingua estranxeira utilizando recursos dispoñibles con relación a temas do contexto inmediato (lecer, comida, profesións, saúde, cidade, descrições, gustos e preferencias...) .</p> <p>- Analizar mecanismos e valores que rexen o funcionamento da sociedade, en especial os relativos a saudar, presentarse, presentar alguén, falar dos seus gustos e preferencias, da súa vida cotiá, quedar con alguén...tendo sempre en conta dereitos e deberes dos cidadáns en cada unha das súas accións.</p> <p>- Elaborar estratexias de resolución de problemas en linguas estranxeiras- Identificación con outras linguas/ Identificación de sons e grafías na segunda lingua estranxeira.</p>	<ul style="list-style-type: none">▪ COMPRESIÓN DE TEXTOS <p>ORAIS</p> <ul style="list-style-type: none">▪ PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS <ul style="list-style-type: none">▪ COMPRESIÓN DE TEXTOS <p>ESCRITOS</p> <ul style="list-style-type: none">▪ PRODUCCIÓN DE TEXTOS <p>ESCRITOS</p>



- Formarse unha imaxe axustada de si mesmo con relación á nova lingua obxecto de estudo, tendo en conta as súas capacidades, necesidades e dando valor ao esforzo necesario para superar as dificultades e vendo o erro como unha oportunidade.
- Adquirir e desenvolver hábitos de respecto e disciplina como condición eficaz para a realización das tarefas educativas e desenvolver actitudes solidarias e tolerantes ante as diferenzas.
- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e analízalos criticamente e o patrimonio cultural e artístico e lingüístico de países francófonos e aprender a valorizar estes e os do seu propio país dándoo a coñecer a estranxeiros.
- Analizar as leis e procesos básicos que rexen os principios da natureza e valorar os efectos positivos e negativos que sobre elas teñen as actividades humanas.
- Coñecer os beneficios do deporte, boa alimentación, a hixiene e a vida sa para a nosa saúde a través da segunda lingua estranxeira.
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e comunicación nos procesos de ensino - aprendizaxe.

- COÑECEMENTO DA LINGUA

 - CONSCIENCIA
- INTERCULTURAL E PLURILINGÜE



PROGRAMACIÓN ANUAL: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

2º ESO e 4ºESO

4. Concreción para cada estándar: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación, e CC



2º ESO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (SLE)



2º ESO 2ª LINGUA							
OBXECTIVOS	CC	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución	TEMPORALIZ			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
				T 1	T 2	T 3	
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS							
<ul style="list-style-type: none"> - Presentarse, falar de si mesmo et presentar e falar de alguén. - Escribir un correo para presentarse. - Escribir nun foro para dar consellos. -Escribir a un correspondente para contarlle as últimas vacacións. - Preguntar pola identidade de persoas e cousas. - Falar dos gustos. - Falar da familia, profesións. - Expressar a posesión. - Falar dos medios de transporte. - Comprender, preguntar e dar información (lugar, tempo...). - Afirmar, exclamar, interrogar e negar. - Describir: persoas, a roupa e estilos de vestimenta, a casa, habitación, unha obra de arte. - Situar e situarse no espazo. - Coñecer e falar de acontecementos culturais importantes. - Expressar a procedencia e o destino. - Falar de cantidades. - Preguntar e indicar un itinerario. - Contar o que se fai e con que frecuencia. - Falar de deportes e da saúde. - Dar consellos para levar unha vida saudable; para ser ecolóxico. - Comparar. - Falar de accións en presente progresivo, pasado recente. - Falar de proxectos de vacacións en futuro (simple e próximo). - Contar acontecementos en pasado. - Facer suposicións e expresar a condición. - Falar da meteoroloxía. - Pedir unha habitación de hotel. - Falar do medio ambiente e de xestos para preservar a natureza. - Expressar prohibición, obriga, oposición, a restrición, causa, consecuencia e finalidade. 	CCL CD CAA CCEC	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	SLEB1.1. Comprende preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal e pública moi básica, cando se lle fala de xeito pausado e claro, e se repita se o necesita.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise da produción dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais
	CCL CAA CCEC CD	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e segue instrucións e consignas de aula de uso frecuente.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise da produción dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais
	CCL CAA CCEC CD	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de mensaxes orais breves e moi básicas, con estruturas e léxico previamente traballados.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Probas obxectiva de comprensión oral.
	CCL CAA CCEC CD	SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa..	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise da produción dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS							
<ul style="list-style-type: none"> - Falar de cantidades. - Preguntar e indicar un itinerario. - Contar o que se fai e con que frecuencia. - Falar de deportes e da saúde. - Dar consellos para levar unha vida saudable; para ser ecolóxico. - Comparar. - Falar de accións en presente progresivo, pasado recente. - Falar de proxectos de vacacións en futuro (simple e próximo). - Contar acontecementos en pasado. - Facer suposicións e expresar a condición. - Falar da meteoroloxía. - Pedir unha habitación de hotel. - Falar do medio ambiente e de xestos para preservar a natureza. - Expressar prohibición, obriga, oposición, a restrición, causa, consecuencia e finalidade. 	CSIEE CCL CAA CCEC CD	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira e esforzase por utilizala.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación
	CCL CAA CCEC CD	SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise da produción dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais
	CCL CAA CCEC CD	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación
	CCL CAA CCEC CD	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais



CCL CAA CCEC CD	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise da producións dos alumnos. INSTRUMENTO: Textos orais
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
CCL CD CAA CSIEE	SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	SLEB3.1. Comprende con textos adaptados relativos a temas do seu interese.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.
CCL CAA CCEC	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	SLEB3.2. Comprende instrucións básicas e predicibles referidas a necesidades inmediatas, e comprende avisos, obrigas e prohibicións con estruturas traballadas previamente.				X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación
CCL CAA CCEC	SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	SLEB3.3. Comprende información básica moi sinxela de correspondencia persoal breve.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CCEC CD	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo e ben estruturado.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
CCL CD CAA CSIEE	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	Elabora textos sinxelos a partir de modelos.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
CCL CAA CCEC CD	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.
CCL CAA CCEC CD	SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
CCL CAA CCEC CD	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE							
CCL CAA CCEC CD	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.
CCL CAA CCEC CD	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que noidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira e amosa respecto polas diferenzas.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación
CCL CAA CCEC	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	SLEB5.3. Pode explicar o proceso de produción de textos tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación
CCL CAA CCEC CD	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	SLEB5.4. Participa en proxectos relacionados cos elementos transversais.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Escala de observación



4º ESO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (SLE)



4º ESO SLE							
OBJECTIVOS	CC	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución %	TEMPORALIZ			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
				T 1	T 2	T 3	
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS							
<ul style="list-style-type: none"> - Falar e escribir en "passé composé" - Contar súas vacacións - Falar dos medios de transporte - Contar unha viaxe) - Dar súa opinión, felicitar - Falar dos seus gustos) - Describir a materia dos obxectos - Expresar a pertenza - Falar da saúde - Describir profesións - Falar do porvir profesional - Pedir, dar información - Expresar o seu acordo e desacordo - Facer suxestións - Reaccionar a proposicións - Expresar un desexo, unha intención - Expresar obrigacións - Describir feitos pasados - Expresar a causa e a consecuencia - Falar do medio ambiente e da ecoloxía - Dar a súa opinión sobre problemas prácticos - Falar do universo - Facer suposicións - Expresar a finalidade - Contar unha aventura incrible - Expresar a simultaneidade - Presentar un proxecto - Contar unha experiencia 	CCL CAA CSC CCEC	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	SLEB1.1. Persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación
	CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
	CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixó.	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal preguntas sobre asuntos persoais ou educativos así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
	CCL CAA CSC CCEC	SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sempre que se fale amodo e con claridade.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
	CCL CAA CSC CCEC	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e se a persoa interlocutora está disposta a repetir o dito.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
	CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
	BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS						
CCL CAA CSC CCEC	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado.	X	X		PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais	



CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás seguindo normas de cortesía básicas aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple nunha conversa formal, achegando información relevante, dando a súa opinión sobre problemas, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Producións orais
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos e normas de seguridade básicas.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CSC CCEC	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en presente, pasado e futuro, e se expresan sentimentos, desexos e opinións do seu interese.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CSC CCEC	SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida ler as seccións difíciles.	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web sobre temas relativos a asuntos do seu interese.		X	X	X	PROCEDEMENTO: probas específicas INSTRUMENTO: probas obxectivas



		BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN					
CCL CAA CSC CCEC	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social; se intercambia información; se dan instrucións, se fan suxestións e se expresan opinións.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo.		X			PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes instrucións e indicacións.			X	X	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
CCL CAA CSC CCEC CD	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, para solicitar información, cunha presentación limpa e ordenada.			X		PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTO: Textos escritos
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE							
CCL CD CAA CCEC	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CD CAA CSC CCEC	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación
CCL CAA CSC CCEC	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	SLEB5.3. Pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva
CCL CD CAA CSC CCEC CSIEE	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	SLEB5.4. Participa en proxectos evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación



	CCL CAA CSC CCEC	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico - discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico - discursivas e o léxico necesarios.		X	X	X	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba obxectiva



5. Concrecións metodolóxicas

Co obxecto de fomentar a interacción, empregaremos unha metodoloxía activa e participativa baseada, no **modelo de ensinanza de enfoque comunicativo**, que ten como centro a realización de tarefas como as que habitualmente levamos a cabo na sociedade: escribir cartas e correos electrónicos, escribir en foros, chats, conversar, solicitar información, expresar opinións...

Este ano, todos os alumnos teñen ordenador de Edixgal así que tentaremos facer unha **aula invertida** de xeito que os alumnos fagan os seus propios apuntamentos sobre os contidos gramaticais e lexicais de cada unidade facendo uso do material en liña de Edixgal e o subido pola profesora.

A **imitación** será un recurso na iniciación dando paso a máis autonomía nas producións, de forma que partiremos de textos dados para logo solicitar textos inéditos producidos polos propios alumnos. As situacións de comunicación reais, ou simuladas, serán o eixo das actividades de aula.

Estas son algunhas das estratexias a seguir para potenciar a **motivación** do alumnado:

- valorar os logros dos alumnos aínda que non alcancen as expectativas
- fomentar actividades participativas nas que o alumno sexa protagonista e teña oportunidade de falar
- plantexar os obxectivos como alcanzables
- propoñer exercicios voluntarios e valorar, especialmente nas tarefas de produción escrita, os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.
- Traballar en proxectos colaborativos con alumnos francófonos de centros estranxeiros (eTwinning).

Para conseguir **dinamismo** na clase e evitar a monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas, aínda que partiremos do oral dando prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral (máis difíciles de facer na casa) para chegar ao escrito, e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible.

Entre os **elementos lúdicos** que se introducirán na aula para practicar e reforzar o aprendido, e mellorar así a súa capacidade lingüística, atópanse os xogos de simulación ou pequenas dramatizacións, cancións, xogos diversos para reforzar o léxico, a gramática e as destrezas, ao mesmo tempo que se fará uso de Internet e as novas tecnoloxías para a realización de diversas actividades como a creación de avatares falantes con *Voki*, gravacións con *Vocaroo*, presentacións con *Powtoon*,



tests con *Kahoot...*, e tamén para a búsqueda de información relacionada con temas do interese escolar do alumnado.

O traballo será fundamentalmente por tarefas a través de **variedade de agrupamentos**, pero sempre cumprindo co protocolo Covid e na medida que este o permita:

- Colectivo: para traballar con recursos interactivos, vídeos, imaxes ou secuencias de imaxes,...
- Grupos: para actividades competenciais e proxectos.
- Individual: para a realización de actividades de gramática, producións escritas persoais (redaccións, mails, cartas,..) e creación de mapas conceptuais ao final de cada unidade como compendios gramaticais e de léxico; este último tipo de actividade-resumo supón un reforzo para o alumnado con desatención.
- Parellas, pequeno grupo, para fomentar o traballo cooperativo.

Traballando desta maneira teremos en conta a diversidade da clase, o que supón unha participación activa de todos, creando un ambiente motivador para aprendizaxe da lingua.

As liñas xerais de actuación para cada bloque serán as seguintes:

A **produción oral** traballarase fundamentalmente mediante a realización de xogos de dramatización (*jeux de rôle*), o uso do francés como lingua de comunicación na aula, a realización de pequenas exposicións orais e algunha video-conferencia con alumnos francófonos, se é posible. Incentivaremos a participación dos alumnos na aula e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés para comunicarse co profesor e cos compañeiros. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. As correccións faranse se interfieren na comunicación para axudar a que flúa, e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

A **comprensión oral** traballarase mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais. Tendo en conta que moitos alumnos se desaniman cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa só parcialmente, insistiremos na tolerancia da comprensión parcial e na perseveranza no esforzo de comprensión, volvendo a escoitar os documentos varias veces. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumno á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel dos alumnos e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.



A **comprensión escrita**. É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global.

A **producción escrita** é quizais a destreza máis difícil para os alumnos, sobre todo se teñen tamén dificultades para expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto, o alumno deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas.

A **aprendizaxe da gramática e do léxico**. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introduciranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos que os alumnos xa posúen noutras linguas.

6. Adaptacións que require a docencia non presencial

▪ **Metodoloxía de traballo en caso de ensino semi- presencial:**

No caso de que haxa algún alumno confinado, unha parte da clase ou a clase enteira, subiranse á plataforma Edixgal ou aula virtual as actividades e os documentos a medida que se vaian traballando na aula coa data correspondente. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os do ensino presencial e os traballos e actividades entregadas a través de Edixgal ou aula virtual avaliarase no bloque que corresponda dos criterios de cualificación da programación..

▪ **Metodoloxía de traballo en caso de ensino non presencial:**

No caso de que sexa necesaria a docencia non presencial, adaptaremos a metodoloxía de ensino ás directrices que o centro e as autoridades diten ao respecto. Non obstante, o proceso de ensino aprendizaxe desenvolverase en liña a través das plataformas educativas oficiais, nas que a profesora irá publicando e mostrando os contidos, explicacións, actividades e tarefas das respectivas unidades a medida que se vaia avanzando.

A comunicación entre o alumnado e a profesora, realizarase por medio dos seguintes recursos :



- servizo de mensaxería de Edixgal ou da aula virtual segundo corresponda, para o contacto individual entre alumno e profesora e viceversa.
- correo electrónico, como alternativa igualmente válida, xa sexa para a comunicación ou o envío de tarefas que os alumnos non poidan ou non consigan enviar a través da aula virtual ou de Edixgal polos motivos que sexan.
- Webex, para poder explicar os contidos novos de maior dificultade, resolver dúbidas, continuar coa práctica da destreza oral na lingua estranxeira e, en definitiva, asegurarse de que os alumnos se manteñen activos na súa aprendizaxe.

Co fin de favorecer a auto aprendizaxe, tenderase a que as actividades ou exercicios sobre contidos gramaticais e de comprensión oral e escrita, sexan na medida do posible, interactivos e de autocorrección, creados coas propias ferramentas da plataforma educativa oficial ou outras externas, como *Exelearning*, *Edilim*, *FLEvideo*, *Thinglink*, *Liveworksheets*, etc tanto creados pola profesora como procedentes de webs educativas, e os alumnos deberán copiar os exercicios na libreta unha vez feita a auto corrección. Como evidencia do seu cumprimento coas tarefas, deberán facer foto das actividades na libreta e enviar a(s) imaxe(s) nun documento en formato PDF á profesora no momento en que se lle requira e a través da canle establecida.

Intentarase fomentar o traballo colaborativo entre os alumnos a través da creación de glosarios basados na temática das unidades a partir dos cales poderán despois crear os mapas conceptuais de cada unidade, e algún traballo en grupo para o que poderán utilizar a mensaxería e foros da plataforma educativa correspondente e documentos de uso compartido (Google Drive).

Para traballar a expresión oral e aportar evidencias do seu desempeño, pedirase aos alumnos que envíen ou compartan mediante enlace pequenas gravacións con unha lectura ou monólogo sobre un tema determinado previamente traballado. Para este tipo de tarefa utilizarán *Vocaroo*, unha ferramenta on line de uso moi sinxelo que non necesita ser descargada nin instalada.

A profesora publicará tanto en Edixgal, como na aula virtual, unha selección de enlaces a diversas ferramentas de utilidade para que o alumnos poidan prosperar na súa aprendizaxe de forma autónoma, como dicionarios on line, gravadora de sons, conxugadores de verbos, dicionarios de pronunciación, e tamén enlaces a recursos e webs educativas para que poidan facer actividades de consolidación e ampliación.

En caso de ter en marcha nese momento algún proxecto eTwinning, valorarase positivamente a participación activa dos alumnos no proxecto a través dos foros, chats e videoconferencia do Twinspace para interactuar con outros alumnos europeos.



▪ **Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza**

telemática:

A día de hoxe, non consta que teñamos no centro ningún alumno sen os recursos necesarios para seguir con efectividade o ensino telemático.

▪ **Mecanismos que se adoptarán para asegurar o seguimento continuo do curso polo**

alumnado:

Control e avaliación semanal das tarefas entregadas, control de conexión á plataforma educativa. En caso de que un alumno non cumpra coas tarefas de forma reiterada poñerase en coñecemento do titor(a) e do equipo directivo sempre que proceda.

▪ **Procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación**

Para a avaliación dos alumnos terase en conta o traballo realizado ao longo de todo o período, de xeito que será imprescindible facer e enviar as tarefas encomendadas semanalmente.

Os procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación utilizados, que permitirán determinar o nivel competencial acadado serán os mesmos que os do ensino presencial .

7. Materiais e recursos didácticos

1. Usarase a plataforma educativa *E-Dixgal* nos catro cursos da ESO.
2. Twinspace para os proxectos eTwinning.
3. Materiais e actividades creados pola profesora (Exe-learning, blog, etc)
4. Fichas de gramática, léxico, etc.
5. Recursos de Internet (RFI, Blogs, TV5 Monde, Le Point du Fle, Abalar, xornais dixitais,etc).
6. Plataformas con contido de vídeos e audios.
6. Lecturas e/ou libros de lectura adaptados.
7. Xornais en papel

8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado



Ao inicio de curso levarase a cabo unha avaliación **inicial**. A avaliación da lingua estranxeira será **continua** e **global**: o alumno terá que traballar día a día ó longo do curso e na avaliación final terase en conta o resultado global.

A avaliación será **procesual**: O profesor terá **varias notas** por avaliación procedentes de instrumentos variados, que teñan en conta as diferentes intelixencias dos alumnos. Entre estes destacarán as seguintes:

1) Observación sistemática:

- Rexistradas polo profesor no *Diario de Clase* e/ou escalas de observación, sobre o caderno, actitude ante a lingua, perseveranza, resolución de problemas e o uso adecuado da lingua estranxeira na aula.

2) Análises de producións dos alumnos:

- Textos escritos.
- Produción orais
- Portfolio (traballos varios)

3) Probas específicas :

- Probas obxectivas para establecer o nivel de adquisición de estruturas gramaticais e lexicais.
- Probas de comprensión oral e de comprensión escrita.

O feito de copiar nun exame poderá ser motivo de repetición dun exame diferente ao día seguinte.

Criterios de cualificación do alumnado que se aplicarán en cada unha das tres avaliacións, en 2º e 4º da ESO:



	BLOQUES	PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS	CRITERIOS CUALIFIC.
C O M P E T E N C I A L I N G Ü I S T I C A (C C L)	Comprensión oral	PROBA OBXECTIVA de comprensión oral e/ou observación cotiá das respostas do alumnado na aula segundo o estándar a avaliar.	15 %
	Expresión oral	OBSERVACIÓN cotiá e análise das producións orais dos alumnos (intervencións e intercambios orais, entrevista, xogos de rol, gravacións, exposicións, pequenos monólogos e lectura de textos cortos...).	15%
	Comprensión escrita	PROBA OBXECTIVA de comprensión escrita e/ou observación cotiá das respostas do alumnado na aula segundo o estándar a avaliar.	15 %
	Expresión escrita	PROBA ESPECÍFICA e observación cotiá e análise das producións escritas dos alumnos realizadas tanto no aula como na casa (borradores, notas, mensaxes, mails, redaccións, formularios).	15 %
	Coñecemento da lingua	PROBA OBXECTIVA de gramática e léxico.	15%
	TODOS OS BLOQUES: Consciencia intercultural e plurilingüe	ESCALAS DE OBSERVACIÓN e DIARIO DE CLASE con notas e observacións sobre: - Caderno do alumno - Resolución de problemas - Uso adecuado da lingua na aula - Perseveranza, esforzo, actitude ante a lingua	25%

Para poder sumar as notas das diferentes partes e acadar un suficiente, compre que o alumnado non deixe en branco ningunha das probas coas que avaliamos a competencia lingüística e que en ningunha delas a nota sexa inferior a 2 sobre 10.

Unha vez obtida a cualificación resultante de cada alumno, a nota redondéase á cifra superior se a cifra resultante contén un decimal igual ou superior a 7. Por exemplo: unha cualificación de 4,75 aparecerá como un 5 (Suficiente) mentres que unha cualificación media de 6,65 aparecerá no boletín coma un 6 (Ben).

Para calcular o valor da cualificación obtida polo alumnado na **Avaliación Final Ordinaria** pondéranse as cualificacións de cada unha das tres avaliacións previas: a nota resultante procede de multiplicar por 1 a cualificación da 1ª avaliación, multiplicar por 2 a cualificación da 2ª avaliación e multiplicar por 3 a cualificación da 3ª avaliación; finalmente a cifra resultante divídese por 6 e obtense a cualificación da Avaliación Final Ordinaria. Por exemplo, no caso dun alumno cuxas cualificacións ao longo dos tres trimestres foron 7, 7 e 5 respectivamente, a súa cualificación na Avaliación Final Ordinaria obtense da seguinte forma:



1ª Av.: $7 \times 1 = 7$; 2ª Av. $7 \times 2 = 14$; 3ª Av. $5 \times 3 = 15$ ----- $36/6 = 6$

Polo tanto a cualificación deste alumno na Avaliación Final Ordinaria é de 6. A superación da 3ª avaliación parcial suporá en todo caso a superación da materia.

A metodoloxía basearase na realización de actividades de comprensión oral, de comprensión e expresión escrita, e de exercicios de revisión, reforzo e ampliación de gramática e léxico, segundo corresponda, con explicacións e corrección tanto grupal como individualizada segundo as actividades e necesidades do alumnado. Propóranse ademais actividades con auto corrección para que o alumnado poida traballar e aprender de forma autónoma. As actividades propostas corresponderán á tipoloxía seguinte :

- De comprensión oral: Preguntas con resposta de Verdadeiro / Falso, escolla da resposta correcta, de resposta corta cerrada, asociación...
- De comprensión escrita: Preguntas con resposta de Verdadeiro / Falso, escolla da resposta correcta, de resposta corta cerrada, asociación de elementos, completar ocos, encher formularios...
- De expresión escrita: Redacción de textos curtos a partir de modelos (mails, mensaxes, invitacións, felicitacións, presentacións, descricións...)
- Exercicios de gramática e léxico: completar ocos, conxugar verbos, de transformación, de relacionar...

Criterios sobre a avaliación e cualificación da avaliación final

Na Avaliación extraordinaria non haberá proba de comprensión oral nin de expresión oral e os criterios de cualificación serán os mesmos **para todo o alumnado, incluídos os da materia pendente.**

	BLOQUES	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS	CRITERIOS CUALIFIC.
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA (CC L)	Comprensión oral	PROBA OBXECTIVA de comprensión oral e/ou observación cotiá das respostas do alumnado na aula segundo o estándar a avaliar.	20 %
	Comprensión escrita	PROBA OBXECTIVA de comprensión escrita e/ou observación cotiá das respostas do alumnado na aula segundo o estándar a avaliar.	20 %
	Expresión escrita	PROBA ESPECÍFICA e observación cotiá e análise das producións escritas dos alumnos realizadas tanto no aula como na casa (borradores, notas, mensaxes, mails, redaccións, formularios).	20 %
	Cofrecoñecemento da lingua	PROBA OBXECTIVA de gramática e léxico.	20%



	TODOS OS BLOQUES: Consciencia intercultural e plurilingüe	ESCALAS DE OBSERVACIÓN e DIARIO DE CLASE con notas e observacións sobre: - Caderno do alumno - Resolución de problemas - Uso adecuado da lingua na aula - Perseveranza, esforzo, actitude ante a lingua	20%
--	--	---	-----

Para poder sumar as notas das diferentes partes e acadar un suficiente, compre que o alumnado non deixe en branco ningunha das probas e que en ningunha delas a nota sexa inferior a 2 sobre 10.



9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e da práctica docente

INDICADORES DE LOGRO		VALORACIÓN N 1-5	OBSERVACIONES E/OU PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación inicial dos alumnos			
1	Preséntase e proponse o plan de traballo e explícase a súa finalidade		
2	Plantéxanse situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas...)		
Motivación ao longo de todo o proceso			
3	Mantense o interese dos alumnos, úsanse estratexias para manter a atención ou re-encauzala con unha linguaxe clara e adaptada.		
4	Comunícase a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, súa funcionalidade e aplicación real.		
Presentación dos contidos			
5	Trátase de relacionar os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos.		
6	Estrutúranse e organízanse os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, qué teñen que aprender, qué é importante)		
7	Facilítase a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercálanse preguntas aclaratorias, sintetízase, exemplifícase...		
Actividades na aula			
8	Plantéxanse actividades en coherencia cos obxectivos previstos e o desenvolvemento das competencias e procedementos básicos.		
9	Propóñense actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de sínteses, de fixación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).		
10	Propóñense actividades individuais e/ou grupais adecuadas.		
Recursos e organización da aula			
11	Distribúese o tempo adecuadamente (tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase).		
12	Adóptanse distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar.		
13	Utilízanse recursos didácticos adecuados e interesantes (audiovisuais, guías, TICs) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o traballo e uso autónomo por parte dos mesmos.		
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos:			
14	Compróbase de diferentes modos, que os alumnos comprenden os conceptos fundamentais e/ou consignas: facendo preguntas, solicitando que verbalicen o necesario.		
15	Facilítanse estratexias de aprendizaxe: respondendo aos pedidos de axuda, indicando fontes de información, suxerindo pasos para resolver cuestións ou problemas, dando explicacións adicionais.		
16	Incentívase a participación activa de todos os alumnos tanto no traballo individual como grupal.		



17	Promóvense as preguntas dos alumnos ou propóñense situacións para que eles pregunten dúbidas.		
Clima da aula			
18	Establécense relacións correctas e fluídas cos alumnos nun clima de traballo ordenado e respectuoso.		
19	Reacciónase favorablemente e de forma ecuánime ante situacións anormais ou conflitivas.		
20	Favorécese o cumprimento das normas de convivencia.		
21	Foméntase o respecto e a colaboración entre os alumnos e acéptanse as súas suxestións e aportes.		
Seguimento/ control do proceso de ensino- aprendizaxe			
22	Revisanse e corríxense frecuentemente actividades propostas e a adecuación dos tempos.		
23	Proporciónase información ao alumno sobre a execución das tarefas e cómo pode melloralas e, favorécense procesos de auto- avaliación.		
24	No caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propóñense novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
25	En caso de obxectivos suficientemente alcanzados propóñense novas actividades que propicien o aprofundamento.		
Diversidade			
26	Tense en conta o nivel de competencia dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adáptanse procesos e actividades.		
27	Coordínase cos outros docentes para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.		
SUXERENCIAS E/OU PROPOSTAS DE MELLORA:			

10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de alumnos que teñan a materia de Francés pendente do curso anterior existen estas variables:



▪ **Alumnos que seguen co estudo do Francés** : non hai ningún neste momento pero se ao longo do curso se incorporase ao centro algún alumno que curse a materia e a teña pendente de anos anteriores, aplicaríanse as seguintes medidas:

- Seguimento en cada avaliación.

- Reforzo na aula con actividades de repaso.

- Explicacións adicionais individualizadas en algún recreo, fóra da hora de clase, sempre que o necesite.

- * Proba de pendentes no mes de maio e/ou proba final de xuño na data que a dirección do centro determine, se do seguimento feito ao alumno en cada avaliación se desprende que non supera os mínimos esixibles, mentres que en caso de acadalos daráselle por superado o nivel anterior.

▪ **Alumnos que xa non están a cursar a materia do Francés:**

-Dossier de actividades de recuperación relacionadas cos estándares de aprendizaxe pertencentes ao curso que teñan suspenso. A xefa de departamento proporcionará ao alumno dito dossier a principio de curso, e este será valorado sempre que as actividades sexan correctamente realizadas e entregadas polo alumno nas datas sinaladas polo Departamento ao longo do curso.

-Titorías no recreo, previa cita, para explicacións e aclaracións de dúbidas.

-Proba de pendentes adaptado aos Estándares de Aprendizaxe mínimos establecidos nesta programación; terá lugar no mes de maio na data determinada pola dirección do centro; en caso de non superar a materia nesa convocatoria, poderán presentarse de novo na data establecida pola Dirección para os exames finais de xuño e en caso de non aprobar tampouco nesa convocatoria optarán á proba extraordinaria de setembro.

A proba escrita computará ata 6 puntos e a realización dos exercicios propostos no dossier a entregar antes do exame, computará ata 4 puntos, debendo acadar un 5 de media para aprobar a materia.

O exame consistirá en exercicios de gramática, de léxico, e de expresión e de comprensión escrita pero **non haberá proba de comprensión oral nin de expresión oral.**

Para resolver dúbidas, o alumnado que xa non estea a cursar a materia poderá acudir a titorías coa xefa de departamento sempre que o necesite, previa cita, durante o tempo de recreo.

Criterios de cualificación da materia pendente:

AVALIACIÓN DE <u>PENDENTES</u>: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN APLICABLES EN <u>MAIO</u>	Comprensión escrita	15%
	Expresión escrita	20%



	Gramática	20%
	Léxico	5%
	Dossier de actividades	40%

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Nas primeiras semanas de clase realizaranse as avaliacións iniciais, que servirán para detectar alumnos en dificultades que necesitarán reforzo ou seguimento ao principio de curso.

Dado que para o alumnado de 1º ESO este será o seu primeiro contacto coa Lingua Francesa, a avaliación inicial consistirá en facer un primeiro acercamento á cultura e á lingua francesa facendo aos alumnos preguntas do tipo:

- a) Onde está situada Francia, os seus límites.
- b) Cal é a súa capital.
- c) Que monumentos coñecen de París.
- d) Se fixeron algunha viaxe a algún lugar de Francia ou á súa capital.
- e) Se coñecen algún personaxe famoso que sexa francés.
- f) Se teñen prestado atención a algunha publicidade na televisión que empregue a lingua francesa.
- g) Se coñecen outros obxectos da vida diaria que sexan franceses (vehículos por exemplo).
- h) Se saben dicir algunha palabra en francés.
- i) Se saben de máis países ademais de Francia onde se fale francés, é dicir, países francófonos.

Por outra banda, se no primeiro curso da ESO se detectasen carencias nas linguas maternas que puidesen dificultar enormemente a aprendizaxe dunha Segunda Lingua estranxeira, poñeranse en evidencia durante a sesións de avaliación inicial a fin de valorar os casos e establecer as intervencións necesarias contemplando a posibilidade da exención na 2º Lingua estranxeira para que o alumno dedique máis tempo ao reforzo das linguas maternas. A exención deberá ser consensuada pola xunta de avaliación, aprobada polo Departamento de Orientación e aceptada polas familias.

Nos resto dos cursos observarase a comprensión e as producións do alumnado na lingua estranxeira mediante a realización de actividades de aula, de tipo colectivo e individual, e intercambios orais a fin de detectar as dificultades que o alumnado poida ter no desempeño dos estándares de aprendizaxe mínimos impartidos no curso anterior.

En 3º ESO e 4º ESO, se logo da revisión dos estándares correspondentes ao nivel inferior se detectase que algún alumno que escolle voluntariamente esta materia non ten coñecementos suficientes para



afrontar o nivel requirido en 3º ou 4º ESO, deberá plantexarse se a opción dunha Segunda Lingua estranxeira é a máis axeitada. Se, aínda así, o alumno persiste na súa elección o profesor aplicará medidas de reforzo dende o comezo (fichas de repaso, exercicios do nivel inferior, lecturas de apoio....) para intentar que o alumno acade os obxectivos.

12. Medidas de atención á diversidade

Realizaranse actividades diversas que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito, confirmarase a comprensión dos enunciados das preguntas e proporcionarse reforzo positivo ao esforzo e ao feito de acabar as tarefas. Ademais de todo isto, adoptaranse as seguintes medidas según os casos:

▪ **Medidas para alumnos con dificultades puntuais na materia:**

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Relación de webs que permitan ós alumnos repasar e/ou afondar no traballado na aula.

▪ **Medidas para alumnos con necesidades educativas especiais:**

Como norma xeral, aos alumnos de 2º da ESO con dificultades serias na aprendizaxe das linguas aplicaráselle a exención da materia de 2ª Lingua Estranxeira .

Para os alumnos con necesidades educativas especiais que cursen a materia farase unha adaptación dos obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades segundo as necesidades, e ademais aplicaranse as estratexias e metodoloxía axeitadas a cada caso.

- Alumnos con TDAH: Non temos casos este ano, pero no caso de incorporarse algún, sentarase diante, cerca da mesa da profesora; ampliaránselle os tempos nas probas e na realización das actividades, e faráselle entrega dosificada das actividades a realizar; aplicarase a máxima “menos é máis”: o importante é saber facer, non a cantidade do realizado.

- Altas capacidades: Hai un alumno con altas capacidades en 3º ESO ao que se lle ofrecerá un programa de enriquecemento curricular consistente en actividades de ampliación, lecturas e actividades de maior complexidade.

▪ **Medidas de atención para o alumnado repetidor:**

O departamento seguirá as directrices do centro establecidas no programa específico personalizado para o alumnado repetidor e ademais:



- Aos alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de francés pero están repetindo por suspender outras materias, proponse-lles actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.

- Aos alumnos repetidores que non acadaran os obxectivos da materia no curso anterior aplicaráselles as mesmas medidas que aos non repetidores.

▪ **Medidas de atención para o alumnado coa materia de francés pendente de anos**

anteriores:

Non temos ningún alumno nesta situación pero se ao longo do curso se incorporase ao centro algún caso, as medidas a aplicar serían as seguintes:

Para o alumnado que **non curse a materia**, por exemplo por estar en 3º ou 4º ESO e non escollela como optativa:

- Dossier de actividades que terá que facer e entregar nos prazos establecidos pola profesora.
- Tutorías no recreo, previa cita, para explicacións e aclaracións de dúbidas.
- Proba de pendentes no mes de maio na data determinada pola dirección do centro.

Para o alumnado que **course a materia**, aplicaríanse as seguintes medidas:

- Seguimento e reforzo na aula.
- Actividades adicionais de repaso sempre que sexan necesarias.
- Explicacións adicionais individualizadas sempre que o necesite.
- Proba de pendentes no mes de maio na data determinada pola dirección do centro.

13. Concreción de elementos transversais que se traballan no curso

Sen prexuízo do seu tratamento específico noutras materias de cada etapa, na materia de francés os temas transversais traballaránse, principalmente, asociados á comprensión lectora, expresión oral e escrita, á comunicación audiovisual e ás tecnoloxías da información e da comunicación, a través da participación en lectura de textos e debates de aula, da elaboración de actividades ou pequenos traballos, visionados de pequenos vídeos, extractos de películas e documentos auténticos da prensa escrita e da televisión relacionados cos temas, que permiten crear situación de realidade onde o alumnado expresa a súa personalidade e, polo tanto, pon de relevo os prexuízos sociais que deben ser cuestionados constantemente sen acritude pero con firmeza.

Así, a temática das diferentes unidades traballadas na aula daranos pé a tratar temas como:

- A educación para a paz e a convivencia



- A solidariedade
- O respecto aos demais
- A igualdade entre homes e mulleres
- Educación medioambiental e o desenvolvemento sostible: reflexionando sobre a necesidade de coidar o planeta, a natureza que nos rodea, as cidades onde vivimos e as que visitamos.
- Educación para a saúde, conectando a importante do deporte e actividades de ocio con unha boa alimentación.
- A alimentación equilibrada.
- O consumo responsable, as compras.
- Os beneficios persoais dun uso equilibrado do tempo libre.
- A educación vial.
- A diversidade cultural sobre todo dende o multi-culturalismo que nos ofrece a Francofonía, ao mesmo tempo que se fomentará a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Todos estes elementos transversais serán traballados constantemente sobre todo a través de:

- Motivación do alumnado, a educación na responsabilidade, o mérito e o esforzo individual.
- Fomento dun clima positivo de convivencia no centro, na aula e nas actividades extraescolares, favorecendo o bo desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe.
- Fomento da creación do ambiente de respecto mutuo na aula e a resolución pacífica de conflitos.
- Respecto da liberdade de conciencia e das conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.



Ante a relaxación da situación epidemiolóxica que tanto marcou os cursos anteriores, este ano o Departamento de Francés contempla a posibilidade de realizar as seguintes actividades :

- Intercambio de correspondencia e felicitacións de Nadal con alumnos franceses.
- Participación en Proxectos eTwinning con outros centros europeos.
- Participación no Programa Prensa-Escuela.
- Viaxe a Francia e intercambio con alumnos franceses.
- Visionado dalgún fragmento de película en versión orixinal e realización, en grupos de dous ou tres alumnos, da ficha técnica nunha cartolina A3, traballando o vocabulario cinematográfico e con un debuxo central ilustrativo do tema ou da súa opinión da película. As cartolinas serían expostas na aula de francés alternando cada un dos traballos para que todos os grupos visen o seu traballo exposto na clase.
- Elaboración de receitas de postres franceses: esta actividade permitiría traballar as proporcións dos ingredientes, os ingredientes en si e tamén o modo de realizar cada receita utilizando a lingua francesa. O alumnado escollería a súa receita favorita e podería realizala na súa casa para logo propoñer unha degustación e, finalmente, poderíase elixir a mellor receita.
- Calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso, organizada polo departamentos de Francés ou ben en colaboración con outros departamentos.

15. Contribución da materia ao plan lector do centro

Na aula de francés leranse textos de tipoloxía variada (informativos, narrativos, argumentativos, poesía...) e de fontes diversas, adecuados ao nivel de cada grupo e á temática das unidades traballadas; estes textos servirán para exercitar a comprensión lectora na lingua estranxeira a través das actividades deseñadas para cada nivel, e tamén para que os alumnos



coñezan os diversos aspectos socioculturais dos países francófonos ao mesmo tempo que descubren unha realidade diferente pero con moitas cousas en común coa súa. Así pois, os alumnos abordarán e manexarán entre outros:

- Textos ofrecidos polas editoriais na plataforma Edixgal en relación coa temática das diferentes unidades, e decontidos socioculturais.
- Mensaxes e noticias en foros e chats da plataforma eTwinning, procedentes do intercambio con alumnos franceses.
- Postais, felicitacións, cartas e correos electrónicos de alumnos franceses.
- Folletos turísticos, publicitarios e informativos; catálogos, cartas de restaurantes...
- Páxinas web de contido diverso: de museos, restaurantes, tendas e catálogos on line...
- Noticias sinxelas de xornais e revistas franceses, en papel e dixitais.
- O departamento de Francés participará, ademáis, no programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, de xeito que o alumnado lerá prensa en español para despois compartir e contar de forma breve e sinxela algunhas das noticias de forma escrita e/ou a través da gravación de podcasts que poden ser logo publicados nun blog de aula.
- Por outra banda, propoñerase a lectura voluntaria e autónoma dun ou dous libriños de lecturas graduadas adaptadas ao seu nivel, que os alumnos poderán escoller libremente entre os exemplares que o departamento ten na aula de Francés ou na biblioteca. Estará acompañada dunha actividade sinxela de reflexión sobre a obra, oral ou escrita, e/ou a elaboración dunha sinxela ficha bibliográfica dos libros lidos a fin de demostrar a súa lectura. A lectura autónoma servirá para que os alumnos tomen conciencia da súa capacidade de ler en francés, desenvolvan hábitos de lectura na lingua estranxeira e traten aspectos relacionados cos temas transversais do currículo.



16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre ou avaliación, os membros do departamento analizarán os resultados e os posibles motivos, polo menos cando os resultados acadados non sexan os esperados, e fará as modificacións necesarias e adoptará novas estratexias a fin de conseguir acadar os obxectivos. A ese respecto, ao final do curso actual e comezos do seguinte, analizaranse os resultados finais e farase unha análise reflexiva antes da elaboración e redacción definitiva do curso seguinte para facer as correccións necesarias. Os resultados e reflexións recolleranse nas actas do departamento e na memoria do departamento a final de curso a fin de mellorar a programación do curso seguinte.

Tamén se terá en conta a auto-avaliación do profesorado a partir dos indicadores de logro que, no seu apartado correspondente, pode aportar elementos de reflexión concretos á hora de mellorar a programación.

Para avaliar a súa efectividade e coa finalidade de corrixir as posibles disfuncións recorreremos á táboa seguinte:

	INDICADORES	Si	Non	Parcialmente: Propostas de mellora
temporalización	Desenvolveuse a programación na súa totalidade en todos os grupos?			
	-Os contidos do programa axéitanse ós diferentes tempos previstos para o seu desenrolo (unidades, temas, proxecto, lecturas ...) ao longo do curso			
resultados académicos	Análise dos resultados da avaliación do alumnado, por curso e grupo:			
	-Hai unha porcentaxe superior ao 50% de aprobados?			
	-Hai unha porcentaxe inferior ao 50%?			
	-O desenrolo das competencias, en cada avaliación e ao final do curso, corresponde ó que se tiña planeado no programa e, de ser o caso, en que grado se desvía ou supera as previsións iniciais.			
adecuación ós alumnos	-A metodoloxía didáctica e a práctica que desenvolvemos na aula ó longo do curso adáptase ás expectativas de aprendizaxe dos alumnos			
	-Os obxectivos están ben planteados, fomentan a autonomía, son abarcables (en canto a dificultade e graduación)			
	- As temáticas son actuais (responden ó interese e ós gustos dos rapaces e rapazas).			



	-Fomentamos o uso das novas tecnoloxías na aula (para complementar as habilidades do alumnado: presentación de proxectos, gravación de textos ou de secuencias de vídeo,etc)			
organización das aulas	-A organización das aulas e o aproveitamento dos recursos foron satisfactorios?			
procedementos, instrumentos e criterios de aval.	Os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación foron adecuados e de acordo ao explicado na aula?			
inclusividade	Medidas da atención á diversidade: houbo flexibilidade da adaptación dos contidos do programa ás necesidades dos alumnos e das alumnas así como ós diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos presentes en cada un dos cursos e grupos?			
motivación	-O profesor axuda ó desenrolo das iniciativas propias do alumnado e involúcras para aprender máis e mellor. -Crea dinámicas de funcionamento responsable e solidario entre os compoñentes do grupo, nun ambiente de respecto e de traballo colaborativo.			
capacidade de provocar sinerxias de aprendizaxe	-A intervención do profesor na aula propicia curiosidade polos contidos propios doutras áreas e materias? -Esperta a autoestima e as ganas de aprender en francés contidos globais de todo tipo (históricos, informáticos, de actualidade social, culturais, lectura ...)			
enfoque facilitador	O noso proxecto propón contidos “de utilidade na vida” e axuda a formar alumnos autónomos que se serven das fontes de información de que dispoñen para buscar respostas ou comunicar as súas aprendizaxes (utilizan Internet, bibliotecas, buscan información sobre as temáticas traballadas fora da aula ou na casa, mostran interese por falar e comunicar por escrito con rapaces doutros países do mundo francófono...)			

As propostas de aquí resultantes serán tidas en conta na elaboración da programación do próximo curso.

En Malpica, a 19 de setembro de 2022



IES Urbano LUGRÍS

Malpica de Bergantiños

A xefa de departamento

Sara Gómez



IES Urbano Lugrís

Malpica de Bergantiños